

ABC

Hábitos e curiosidades

Os cidadáns galegos aférranse á prensa escrita e á televisión

Un 50% pensa que a prensa dixital non substituirá aos diarios

D. P.

VIGO. Ao 52,8 por cento dos cidadáns de Galicia, a noticia que máis lles gustaría ter visto publicada en 2009 é a do final da crise, o descenso do paro e o crecemento económico en España. A este desexo séguelle como prioritaria —para o 5,8 por cento dos cidadáns galegos— a noticia do fin do terrorismo de ETA en 2009. Estas son algunhas das conclusións do «Estudo de Opinión da Sociedade Galega sobre Hábitos e Curiosidades no Uso da Prensa», elaborado pola compañía viguesa MundiNova Consultores de Comunicación, a partir das enquisas realizadas, entre os meses de xullo e outubro do ano pasado, a un total de 200 cidadáns das catro provincias.

Na elaboración deste estudo analizaronse os distintos

usos e costumes dos cidadáns na Comunidade referentes ao seu consumo e utilización dos medios de comunicación. Deste xeito, despréndese que a televisión e a prensa escrita son, con diferenza, os medios de comunicación de referencia entre os cidadáns de Galicia. Os enquisados só contestan, nalgúns casos, que utilizan tamén a radio e internet como fonte de información. Deles, só un 2 por cento de tódolos consultados di utilizar a radio en relación á rede, nun ámbito de gran tradición do medio radiofónico.

Segundo o sexo, a televisión, seguida da prensa escrita e da radio, son os medios de comunicación máis consumidos polas mulleres en Galicia. No caso dos homes, a orde de consumo de medios de comunicación é a prensa escri-

ta, seguida pola televisión e por internet.

Polo xeral, a maioría dos cidadáns galegos asegura ler o xornal no seu domicilio, aínda que o 35,8% dos enquisados afirma non comprar «nunca» o xornal.

En canto á sección en prensa que máis interesa aos homes residentes en Galicia, destaca a Sección Nacional (21,1%) e a Sección Local (ao 20,2%). O 16,7% manifesta interesarse en primeiro lugar pola sección de Internacional, cifra idéntica á de cidadáns que aseguran interesarse principalmente pola de Deportes.

Entre as conclusións achegadas, destaca ademais que case a metade dos galegos pensan que a prensa dixital non substituirá aos diarios tradicionais.